



RESOLUCIÓN REITORAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA POLA QUE SE CONVOCAN OS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO CORRESPONDENTES AO CURSO 2021/2022

CONSIDERACIÓN LEGAIS E TÉCNICAS:

- Artigos 13 e 14 do Real decreto 99/2011 do 28 de xaneiro, que regulan o procedemento de avaliación e defensa das teses de doutoramento para a obtención do título de doutor.
- Regulamento de estudos de doutoramento da UDC, aprobado no Consello de Goberno de 17 de xullo de 2012 coas súas posteriores modificaciós.

De acordo co exposto, **RESOLVO**:

Convocar os Premios Extraordinarios de Doutoramento do curso académico 2021/2022 de acordo con:

PRIMEIRO. Requerimentos para participar na convocatoria

Poderán optar aos premios extraordinarios os/as doutores/as que cumpran o seguinte:

1. Ter defendida a súa tese na UDC no período comprendido entre o 1 de setembro de 2021 e o 31 de xullo de 2022.
2. Que lle fose outorgada a mención "*cum laude*".

Tamén poderán participar os/as doutores/as que, tendo defendida a tese en anos anteriores e lle fose outorgada a mención "*cum laude*", non puideron optar ao premio extraordinario por non seren convocados premios no seu programa de doutoramento.

Cada tese será avaliada segundo o programa de doutoramento no que foi defendida. Para isto, os programas de doutoramento están agrupados en ámbitos temáticos (ver **Anexo I**), e serán avaliados todos os programas dun agrupamento polo mesmo tribunal.

No **Anexo II**, relaciónnase o número de premios que se convocan por agrupamento de programas de doutoramento e, no **Anexo III**, con efectos informativos e non vinculantes, a relación dos/as doutores/as que poden optar a cada un dos premios desta convocatoria.

SEGUNDO. Presentación de solicitudes

A documentación que deberán presentar para optar os premios será:

- . Modelo de solicitud segundo Anexo IV
- . 1 exemplar da tese en formato electrónico
- . Currículo vitae abreviado (CVA) da persoa solicitante no que consten só méritos directamente relacionados coa tese, pode elaboralo a través da FECYT (usar formato CVA-AEI, ver guía https://cvn.fecyt.es/editor/downloads/CVA-AEI_desdeCVN.pdf)¹

O lugar de presentación da documentación é:

- . Rexistro electrónico da UDC: https://sede.udc.gal/services/telematic_register
- . Rexistro Xeral da UDC. Reitoría. A Maestranza, 150001, A Coruña.

¹ Os candidatos/as que desexen alegar méritos de categorías non recollidas no CVA-AEI poden incluír dítos méritos en formato libre utilizando o apartado "B. RESUMEN DEL CV" del CVA-AEI.



- . Oficina de Doutoramento, Pavillón de Estudantes, campus de Elviña, 15071 A Coruña.
- . Rexistro Auxiliar de Ferrol, Edificio de Apoio ao Estudo, andar baixo, Avenida de Vigo, s/n, Campus de Esteiro, 15403 Ferrol.

Se a solicitude se presenta nalgunha das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, deberase enviar copia desta solicitude ao correo electrónico oficina.doutoramento@udc.es.

TERCEIRO. Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación da solicitude e a documentación asociada será de **10 días hábiles** a contar desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC https://sede.udc.gal/services/electronic_board

CUARTO. Tribunais de premio extraordinario de doutoramento

Cada tribunal de premio extraordinario de doutoramento (Tribunal PED) estará constituído, como mínimo, por cinco membros titulares e dous suplentes.

Na súa composición, garantírase a presenza equilibrada dos ámbitos implicados.

Para poder pertencer ao devandito tribunal, teranse que cumplir os seguintes requisitos:

- a) Ter cando menos un sexenio de investigación concedido.
- b) Non ser un/unha dos/as directores/as, codirectores/as ou titor/a das teses que optan ao premio extraordinario.
- c) Non ser coautor/a de ningunha das patentes, artigos ou traballos relacionados co contido da tese do alumnado que concorre ao premio.

O reitor, á proposta da EIDUDC, nomeará os Tribunais PED encargados de elaborar a proposta de concesión de premios extraordinarios de doutoramento. O/a presidente/a de cada Tribunal PED realizará a/s convocatoria/s das sesións do tribunal. A EIDUDC publicará a lista de centros onde se realizarán as sesións dos tribunais e a localización dos taboleiros onde se fará pública toda a información relacionada coa concesión do premio extraordinario.

QUINTO. Concesión dos premios extraordinarios

Se o número de teses defendidas e declaradas aptas e asignadas a cada Tribunal PED fose igual ou superior a cinco, cada Tribunal PED poderá conceder unha mención de premio extraordinario por cada cinco ou fracción.

Se o número de teses defendidas e declaradas aptas nun agrupamento nun curso académico fose inferior a cinco, non se convocará premio extraordinario deste agrupamento. Neste caso, as teses deste curso sumaranse ás defendidas e declaradas aptas no seguinte curso e, se a suma alcanzase o número de 5, procederase á convocatoria de premio extraordinario.

Para cada tese, a EIDUDC trasladará ao/á presidente/a do Tribunal PED a composición do tribunal que xulgou a tese e os informes confidenciais elaborados por este tribunal nun sobre pechado. Todos os membros do Tribunal PED serán coñecedores desta información nesta primeira sesión. Os informes de cada tese conservaranse coas actas do Tribunal PED. O Tribunal PED poderá solicitar á EIDUDC a información adicional que considere necesaria para elaborar a súa proposta.



Unha vez constituído, e antes de proceder á consulta da documentación, o Tribunal PED determinará os criterios de avaliación que publicará no taboleiro do centro. Estes criterios terán en conta, polo menos:

- A cualificación da tese, obtida da valoración confidencial emitida por cada un dos membros do tribunal.
- O currículo vitae abreviado (elaborado a través da CVA-AEI: con formato, (https://cvn.fecyt.es/editor/downloads/CVA-AEI_desdeCVN.pdf) relacionado coa tese do alumnado que opta ao premio, en particular:
 - a) Patentes concedidas e libros ou artigos publicados en revistas científicas orixinados polos traballos de investigación que culminaron na elaboración da tese.
 - b) As presentacións ou actas de congresos orixinados polos traballos de investigación que culminaron na elaboración da tese.

Só se valorarán os méritos de investigación ou transferencia de tecnoloxía directamente relacionados co contido da tese.

En ningún caso poderá someterse aos/ás solicitantes á realización de exercicios ou probas adicionais.

A continuación, o Tribunal PED procederá a abrir e examinar a documentación achegada. Tras as deliberacións, resolverá por maioría a proposta das teses merecedoras do premio extraordinario, axustándose ao número máximo previsto.

Os Tribunais PED poderán propor que as mencións de premio queden desertas.

SEXTO. Resolución de premios extraordinarios e alegacións

O/a presidente/a de cada Tribunal PED publicará a proposta provisional de premios extraordinarios no taboleiro do centro e a remitirá á EIDUDC, que a publicará na súa web.

No prazo de 10 días hábiles desde a publicación no taboleiro do centro de reunión do tribunal, os/as solicitantes poderán presentar alegacións a esta proposta dirixidas o/a presidente/a do Tribunal PED a través do rexistro do centro. O tribunal elaborará un informe sobre estas alegacións no que deberá xustificar si se ratifica ou modifica a proposta provisional que se notificará desde o rexistro do centro ao interesado/a.

O Tribunal PED enviará a proposta definitiva á Comisión Permanente da EIDUDC para a súa valoración, e esta remitirá a súa proposta á Secretaría Xeral para a súa aprobación polo Consello de Goberno. Porén, se a valoración é negativa por apreciar infraccións procedimentais ou substantivas, disporá a retroacción do procedemento ao momento da súa comisión coa finalidade de que o Tribunal proceda á súa subsanación.

A EIDUDC publicará na súa páxina web a resolución definitiva de premios extraordinarios e entregará aos/ás doutores/as premiados/as unha notificación formal do acordo, que se anotará no seu expediente académico.

Sen prexuízo do anterior, a UDC poderá disponer o recoñecemento documental de mención de premio extraordinario de doutoramento na forma que considere.



Os/as doutores/as que obtivesen o premio extraordinario de doutoramento terán exención de prezos públicos pola expedición do seu título de doutor/a.

A Coruña,

O Reitor



ANEXO I

Agrupamentos de Programas Oficiais de Doutoramento

ACTIVIDADE FÍSICA E PSICOLOXÍA DA SAÚDE

Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable
Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde
Saúde e Motricidade Humana
Saúde, Discapacidade, Dependencia e Benestar

ARQUITECTURA

Arquitectura e Urbanismo

ARTES E HUMANIDADES

Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura
Estudos Lingüísticos
Estudos Literarios
Lóxica e Filosofía da Ciencia
Sociedade do Coñecemento: Novas Perspectivas en Documentación, Comunicación e Humanidades
Novas perspectivas en documentación, comunicación e humanidades.

BIOLOXÍA

Bioloxía Celular e Molecular
Biotecnoloxía Avanzada
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión
Investigación Agraria e Forestal
Neurociencia e Psicoloxía Clínica

CIENCIAS DA SAÚDE

Ciencias da Saúde
Nanomedicina
Neurociencias

DEREITO

Dereito
Dereito Administrativo Iberoamericano

ECONOMÍA E SOCIOLOXÍA

Análise Económica e Empresarial
Análise Económica e Estratexia Empresarial



EDUCACIÓN

Ciencias Sociais e do Comportamento
Equidade e Innovación en Educación

ENXEÑARÍA CIVIL

Enxeñaría Civil

FÍSICA E QUÍMICA

Ciencia e Tecnoloxía Ambiental
Física Aplicada
Láser, Fotónica e Visión
Química Ambiental e Fundamental

INFORMÁTICA E MATEMÁTICAS

Computación
Estatística e Investigación Operativa
Investigación en Tecnoloxías da Información
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións
Tecnoloxías da Información e das Comunicacións en Redes Móbiles

TECNOLOXÍAS INDUSTRIALIS E MARÍTIMAS

Enerxía e Propulsión Mariña
Enxeñaría Naval e Industrial



ANEXO II

PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO CONVOCATORIA 2021/2022

Nº DE PREMIOS QUE SE CONVOCAN POR AGRUPAMIENTO DE PROGRAMAS

Ámbito de coñecemento	Número teses defendidas	Número de premios convocados
ACTIVIDADE FÍSICA E PSICOLOXÍA DA SAÚDE	18	4
ARQUITECTURA	CURSO 20/21 - 4 CURSO 21/22 - 3 TOTAL:7	2
ARTES E HUMANIDADES	9	2
BIOLOXÍA	14	3
CIENCIAS DA SAÚDE	13	3
DEREITO	11	3
ECONOMÍA E SOCIOLOXÍA	6	2
EDUCACIÓN	9	2
ENXEÑARÍA CIVIL	5	1



Ámbito de coñecemento	Número teses defendidas	Número de premios convocados
FÍSICA E QUÍMICA	CURSO 20/21 - 2 CURSO 21/22 - 13 TOTAL:15	3
INFORMÁTICA E MATEMÁTICAS	22	5
TECNOLOXÍAS INDUSTRIALIS E MARÍTIMAS	12	3



ANEXO III
PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO
CONVOCATORIA 2021/2022

Relación de doutores/as que se poden presentar

Ámbito de coñecemento	Apelidos e nome
ACTIVIDADE FÍSICA E PSICOLOXÍA DA SAÚDE	Delgado Zayas, Enrique Díaz Cortés, Ana Belén Echeverría Aldana, Beatriz Fraga Mosquera, María Amelia Gil Obando, Lida Maritza González Suárez, Rocío Iván Baragaño, Iyán Pereiro buceta, Héctor Romero Chouza, Óscar Romero Soto, Manuel Rúa Alonso, María Sevilla Sánchez, Marta Silva Castro, Carla da Trevisión Redondo, Bibiana Valarezo Alonzo, Dolores Elizabeth Vieites Lestón, Tania
ARQUITECTURA	Bello Alonso, Manuel Marceliano (curso 20/21) Botana Iglesias, Cristina López Chao, Vicente Adrián (curso 20/21) Malave Fernández, Rafael Alirio Robles Sánchez, Susana Varela Alén, José Luis (curso 20/21)



Ámbito de coñecemento	Apelidos e nome
ARTES E HUMANIDADES	García Armas, Nilo Jesús García González, Ariana Martínez Alejos, Omar Méndez Romeu, Jose Luis Rojas Encalada, Maria Asuncion Rojo Mejuto, Natalia Villamarín Freire, Sara
BIOLOXÍA	Ambroa Abalo, Antón Aradas Díaz, María Elena Barrientos De La Llana, Sara Escuder Rodríguez, Juan José Gago Mesejo, Diego Gato Corral, Eva Gómez Lado, Noemí Gonzalez Rodriguez, Alba Roca Lema, Daniel Rodríguez-Candela Mateos, Marina Sánchez Pedreira, Paula Catarina Varela Vila, Irene



Ámbito de coñecemento	Apelidos e nome
CIENCIAS DA SAÚDE	Andreu Martínez, Ricardo Andujar Plata, Paula Casal Beloy, Isabel Castro López, Antonio Delgado Lobete, Laura Fernández Rodríguez, Jennifer Adriana García Paz, Vanesa Gómez Ríos, Manuel Ángel Hurtado Ruzza, Rafael Alfonso Lema Verdía, María Laura Ponce Díaz-Reixa, José Luis Roibal Pravio, Javier Vázquez Ucha, Juan Carlos
DEREITO	Anguiano Espinosa, Griselda Bello Hidalgo, Rosalía Guzmán Arias, Rocío de Lourdes Hermoza Castro, Maruja Otilia Jato Diaz, Pablo Jove Villares, Daniel Navarro Dolmestch, Roberto Andrés Schiavi Muñoz, Pablo Santiago Stucchi López Raygada, Pierino Bruno Suqui Romero, Gabriel Yovany
ECONOMÍA E SOCIOLOXÍA	Arias Montero, Salomon Roberto Bodea, Adrian Herrera Peña, Jonathan Neptalí ¹ Losada López, José María



Ámbito de coñecemento	Apelidos e nome
EDUCACIÓN	Chao Pérez, Luca Doural García, Andrea Carme Lema Blanco, Isabel López Calvo, Sara Ramos Lopez, Milagros del Pilar Segade Pampín, María Elena Souto García, Andrea Taboada Vazquez, Antonio Verdía Varela, Verónica
ENXEÑARÍA CIVIL	Cid Bengoa, Clara Eirís Barca, Antonio Orosa Iglesias, Pablo Ruiz Veiga, Manuel Sopelana Peralta, Javier
FÍSICA E QUÍMICA	Ausín Neira, David Arias Vazquez, Óscar (curso 20/21) Carballeira Coego, Amable Rafael Cisneros Sureda, Javier Marín, María Andrea Millán Álvarez, Ramón Eduardo Neira García, Iago Paredes Ramos, María (curso 20/21) Rodríguez Area, Miguel Salgado Beceiro, Jorge Sánchez Piñero, Joel Soriano Reyes, Carlos



Ámbito de coñecemento	Apelidos e nome
INFORMÁTICA E MATEMÁTICAS	Anderson, Mark David Baamonde Seoane, María de los Angeles Barreiro Ures, Daniel Blanco Novoa, Oscar Borrajo López, Laura Horro Varela, Marcos Liñares Blanco, José López López, Eric Martínez Pérez, Cristina Miranda Duro, María del Carmen Molina Ríos, Jimmy Rolando Novo Díaz, Silvia Ponte Fernández, Christian Quevedo Tumailly, Viviana Fernanda Safari, Wende Clarence Sanjurjo Royo, Eduardo José Santos López, Iria María Strzyz, Michalina María Suárez Hervella, Álvaro



Ámbito de coñecemento	Apelidos e nome
TECNOLOXÍAS INDUSTRIAIS E MARÍTIMAS	Blanco Damota, Javier Chica González, Manuel José Ferreño González, Sara Lamas Rodríguez, Mario Masdías Bonome, Antonio Enrique Naveiro Parga, Manuel Noe Vargas, Óscar Pita Fernández, Manuel Santiago Rodríguez Frade, Borja Sánchez Silva, Bárbara Vega Vega, Rafael Alejandro Zayas Gato, Francisco



Anexo IV.- Solicitud de Premio Extraordinario de Doutoramento 2021-2022

DATOS PESSOAIS:			
Primeiro apellido:	Segundo apellido:	Nome:	DNI/Pasaporte:
Domicilio para efectos de notificación:		Localidade:	
Provincia:	Código Postal:	Teléfono:	e-mail:

DATOS ACADÉMICOS:	
Programa Oficial de Doutoramento:	
Agrupamento:	Data de defensa da tese:

SOLICITO:

Optar ao Premio Extraordinario de Doutoramento 2021/2022.

Achego xunto con esta solicitude un exemplar da tese en formato electrónico e o currículo vitae abreviado (CVA) no que consten só méritos directamente relacionados coa tese elaborado a través da FECYT* (https://cvn.fecyt.es/editor/downloads/CVA_desdeCVN.pdf).

*Ver os criterios xerais, punto 5 desta convocatoria.

A Coruña, a de de 2023

A persoa interesada

Asinado: _____

A solicitude presentarase no:

- . Rexistro electrónico da UDC: https://sede.udc.gal/services/telematic_register
- . Rexistro Xeral da UDC. Reitoría. A Maestranza, 150001, A Coruña.
- . Rexistro da Escola Internacional de Doutoramento da UDC (EIDUDC) (Pavillón Estudantil, Campus de Elviña) ou
- . Rexistro Auxiliar de Ferrol (Edificio de Usos Administrativos, Campus de Esteiro)

SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA